

2. Serán causas de denegación da licenza de primeira ocupación toda desviación sobre proxecto aprobado que supoña infracción urbanística, relacionando para os efectos meramente enunciativos os aumentos de superficie construída, aumentos de altura, volume edificable, densidade residencial, cambios de uso manifestamente opostos aos autorizados ou sen a correspondente licenza, así como a obstaculización do labor inspector, todo o anterior sen prexuízo das sancións administrativas a que houbese lugar.

*ARTIGO 11º.—DEREITO SUPLETORIO*

En todo o non previsto nesta Ordenanza estarase ás Leis e Regulamentos de desenvolvemento que resulten de aplicación.

*DISPOSICIÓN FINAL*

Conforme á Lei Reguladora das Facendas locais e Lei de Réxime Local a presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en todo caso a partir do 1 de xaneiro de 2012.

A Alcaldía-Presidencia queda facultada para ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a axeitada interpretación e aplicación desta Ordenanza.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN,  
INSTALACIÓNS E OBRAS.**

*ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello modifica o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexerá polo disposto na devandita lei e pola presente ordenanza fiscal.

O Imposto rexeráse, neste Concello, polas normas reguladoras do mesmo, contidas nos artigos 100 a 103 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais; polas disposicións legais e regulamentarias que a complementan e desenrolan; e pola presente Ordenanza Fiscal.

*ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE*

1.—Constitúe o feito imponible do Imposto a realización no termo municipal de Campo Lameiro, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

2.—Son construcións, instalacións e obras suxeitas ao imposto todas aquelas nas que a execución implique a realización do feito imponible definido no apartado anterior; en particular as seguintes:

- a) As obras da nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.
- b) As obras de modificación ou de reforma que afecten a estrutura, o aspecto exterior ou a disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.
- c) As obras provisionais.
- d) A construción de vaos para a entrada e saída de vehículos das fincas na vía pública.
- e) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras de servizos públicos, que corresponderán tanto as obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera remoción do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou amaño do estragado coas calas mencionadas.

- f) Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, escavacións, terraplenados, salvo que estes actos estean detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.
- g) As obras de peche dos solares ou dos terreos e dos valados, os andamios e as andamiaxes de precaución.
- h) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de emprazamento de todo tipo de instalacións técnicas dos servizos públicos, calquera que sexa seu emprazamento.
- i) Os usos e instalacións de carácter provisorio.
- l) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou valados que teñan publicidade ou propaganda.
- ll) As instalacións soterradas dedicadas aos aparcamentos, as actividades industriais, mercantís ou profesionais, aos servizos públicos ou a calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- m) A realización de calquera outra actuación establecida polos plans de ordenación ou polas ordenanzas que lles sexan aplicables como suxeitas a licenza municipais, sempre que se trate de construcións, instalacións ou obras.
- n) Derrubamentos.
- ñ) Aliñacións e rasantes.
- o) As que se realicen en cemiterios.
- p) Calquera outra construción, instalación ou obra que precise licenza de obra o urbanística segundo a lexislación urbanística.

3. —Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto, as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos a licenza aludida no apartado 1, considerarase outorgada unha vez ditada a orde de execución, adoptado o acordo ou adxudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento da tramitación preceptiva, e legalmente notificado o acto administrativo ao interesado.

#### ARTIGO 3—SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO

Non estarán suxeitas ao imposto regulado na presente ordenanza:

- a) As obras, construcións e instalacións que, debendo ser entregadas ao Patrimonio Municipal, fosen executadas por outras administracións públicas en virtude de convenio de colaboración ou cooperación co Concello.
- b) as obras, construcións e instalacións realizadas por entidades de interese público ou asociacións veciñais en bens de uso ou servizo público municipal, coa autorización previa do órgano correspondente.
- c) as obras que consistan en construción e reconstrución de muros, como consecuencia da necesidade de ensanche das vías públicas sempre que se efectuase a cesión gratuíta dos terreos polos propietarios.
- d) A execución de obras de urbanización realizadas polos propietarios afectados, sempre e cando se entreguen posteriormente ao Patrimonio municipal.
- e) as obras realizadas nos centros públicos de ensinanza sempre que estas se realicen nos niveis de educación obrigatoria.

#### ARTIGO 4—EXENCIÓNS

Esta exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que estando suxeitas a este, sexan directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de inversión nova como de conservación.

*ARTIGO 5.—SUXEITOS PASIVOS E SUBSTITUTOS DO CONTRIBUÍNTE*

1.—Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58 /2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realicen aquelas.

Os efectos deste punto terán a consideración de donos das construcións instalacións ou obras os que soporten os gastos ou custos que comporten a súa realización.

2.—Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, no caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, os que soliciten as correspondentes licenzas ou os que realicen as construcións, instalacións ou obras .

Para a aplicación deste apartado considerarase substituto de primeiro grao ao solicitante da licenza e contra este obrigado exercitarase a acción administrativa dirixida ao cobro do imposto. Cando non exista solicitude de licenza esixirase a presentación da declaración e o ingreso, á empresa que realice a construción, instalación ou obra.

*ARTIGO 6.—BASE IMPOÑIBLE*

A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra; e se entende por tal, a estes efectos, o custo de execución material de aquela.

Non formarán parte de dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre o custo de execución material.

*ARTIGO 7.—TIPO DE GRAVAME E COTA TRIBUTARIA*

1.—A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o seguinte tipo de gravame:

Tipo xeral: 3,2 %.

2.—A cota líquida do Imposto será, no seu caso, o resultado de aplicar á cota as bonificacións que establecesen no artigo 9.º desta ordenanza.

*ARTIGO 8.—DEVENGO DO IMPOSTO*

1.—A obriga de contribuír nace no intre de se comeza-la construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que comece sen ter obtido a licenza que proceda.

2.—Os efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a preceptiva licenza municipal; no momento no que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ao mes da data do Decreto ou do acordo da Xunta de Goberno Local.

*ARTIGO 9.—BONIFICACIÓNS.*

Ao amparo do disposto no apartado a) do artigo 103.2 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, as construcións, instalacións ou obras que, previa solicitude do suxeito pasivo, declárense de especial interese ou utilidade municipal, poderán gozar dunha bonificación na cota do imposto nos termos que, para cada caso, se sinalan nos apartados seguintes.

1.—a) Establecese un beneficio fiscal do 95% da cota para instalacións, construcións e obras promovidas directamente por outras administracións públicas e destinadas ao equipamento comunitario, sempre e cando non estea prevista a súa repercusión no prego de condicións que rexa para a contratación da obra.

- b) Terán unha bonificación do 95% da cota as construcións, instalacións e obras, realizadas por asociacións sen ánimo de lucro, en centros destinados a asistencia e integración social ou desenvolvemento de actividades culturais de libre acceso e participación. Para acceder a esta bonificación será necesario acompañar á solicitude cos estatutos da asociación debidamente rexistrados, así como unha memoria explicativa da actividade que se vai desenvolver no local. A inactividade por un prazo superior a 6 meses ou o cambio de actividade nos locais dentro dos cinco anos seguintes ao outorgamento do beneficio darán lugar á perda da bonificación e liquidaranse as cantidades bonificadas coa aplicación dos xuros de demora correspondentes.
- c) Establécese ademais unha bonificación do 30% a favor doutras construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, históricoartísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. A concesión da mesma requirirá informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal.
- d) Bonificación para construción de vivendas de ata o 50%.
- Serán susceptibles de ser declaradas de especial interese ou utilidade municipal, aos efectos de disfrute da bonificación a que se refire este artigo, as construcións ou obras que favorezan o crecemento e o mantemento dos núcleos de poboación, e ser destinadas a vivendas permanentes.
- Será requisito a presentación de declaración xurada con compromiso de utilizar o inmovible como vivenda habitual nun prazo mínimo de 4 anos dende a concesión de licenza de primeira ocupación, así como o de estar ao día no cumprimento das obrigas fiscais e de todo tipo co Concello de Campo Lameiro.
- e) Bonificación de ata un 35 % nas Instalacións, Obras o Construcións de Hoteis, Casas de Turismo Rural e Restaurantes.

Será requisito previo a declaración de estar ao corrente nas obrigas físicas, tributarias e da Seguridade Social, así como co Concello de Campo Lameiro.

En todos os casos recollidos nas letras anteriores a concesión do beneficio fiscal, así como a declaración de especial interese ou utilidade municipal, corresponderá o Pleno da Corporación por maioría simple dos seus membros.

2.—As bonificacións previstas neste artigo esixirán:

- a) Solicitude do interesado
- b) Informe dos Servizos municipais correspondentes e, en todo caso, informe do Servizo de xestión e recadación do Concello, sobre cumprimento de obrigas fiscais, tributarias e de toda índole co Concello de Campo Lameiro.
- c) Acordo do Pleno, ou da Xunta de Goberno Local, no seu caso..

3.—As solicitudes de bonificacións incluídas neste artigo deberán presentarse coincidindo coa solicitude das correspondentes licencias.

#### ARTIGO 10.º . NORMAS DE XESTIÓN

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar solicitude de licenza urbanística, acompañada dos correspondentes presupostos, nos casos e modos que sinala a normativa aplicable ao solo e á edificación, tanto estatal, como autonómica e local. A solicitude de licenza urbanística terá o valor de declaración tributaria, por canto dos presupostos que acompañan a aquela deducirase a base imponible do imposto. De non mediar solicitude de licenza antes do inicio das obras, a conduta, sen prexuízo das súas repercusións urbanísticas, constituirá unha infracción tributaria, segundo o disposto no artigo 11 desta Ordenanza.

2. Concedida a licenza ou adoptado o acordo aprobatorio ou autorización en relación coas construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal e, en todo caso, no prazo máximo dun mes contado a partir do momento no que se inicie a construción,

instalación ou obra, incluso cando non fose solicitada, concedida ou denegada aínda a devandita licenza, o suxeito pasivo estará obrigado a abona-la liquidación pertinente nos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, sen que o pagamento comporte ningún tipo de acto declarativo de dereito a prol daqueles.

A base imponible para esta liquidación determinarase en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo estivera visado polo Colexio Oficial correspondente cando elo constituía un requisito preceptivo. Noutro caso, a base imponible será determinada pola oficina técnica municipal.

3.—O pagamento da liquidación practicada terá carácter provisorio e será a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras

4.—Tendo en conta a obra realizada e o seu custo real e efectivo, o Concello, previa comprobación, poderá modifica-la base imponible a que se refiren os apartados anteriores, facendo a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ou reintegrando ó suxeito pasivo a cantidade que resulte.

Para estes efectos, e no caso de que se modificara o proxecto inicial das construcións, instalacións ou obras e se incrementara o presuposto, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal os suxeitos pasivos están obrigados a facer o ingreso da liquidación complementaria pola diferenza entre o presuposto inicial e o modificado con suxeición a prazos, requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores.

5.—No caso de que non se executen as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución do ingresado, unha vez que formule renuncia expresa á licenza ou caducara a licenza sen haberse executado a obra.

6.—Nos supostos de licencias concedidas en virtude da aplicación das normas sobre silencio administrativo, o pagamento do imposto deberá realizarse antes de dar comezo as obras.

7.—Para a plena efectividade das bonificacións establecidas o interesado estará obrigado a presentar, nos prazos fixados no acordo de concesión de licenza, a solicitude de licenza de primeira ocupación, ou de apertura no seu caso.

A non tramitación da licenza de primeira ocupación ou de apertura será considerada como causa de incumprimento, coa imposición das correspondentes sancións a que houbese lugar.

#### ARTIGO 11.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En caso de incumprimento dos compromisos establecidos nesta ordenanza, procederase á devolución do importe da bonificación, e mais os correspondentes xuros de demora, todo iso, sen prexuízo das sancións a que houbese lugar si se apreciase a existencia de infracción tributaria.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal dunha construción, instalación u obra, efectuarase, en todo caso, de forma condicionada a que a súa realización se axuste ao establecido na licenza municipal de obra e a acreditación de que concorren as circunstancias que motivaron a declaración, quedando esta automaticamente sen efecto, sen necesidade de novo acordo en contrario, tanto no suposto de incumprimento de tales condicións como no de caducidade da licenza; sen prexuízo da aplicación do réxime de infraccións e sancións tributarias de aplicación.

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria.

#### *Disposición FINAL*

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da corporación na sesión celebrada o día 22 de setembro de dous mil once Comezará a rexer a partires da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, en todo caso a partires do 1 de xaneiro de 2012 e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

A Alcaldía-Presidencia queda facultada para ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a axeitada interpretación e aplicación desta Ordenanza

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZA  
DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.**

*ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA.*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e 106 de 1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 do RDL 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRHL), este Concello establece a modificación da Taxa por Prestación do Servizo de concesión de Licenzas de Apertura de Establecementos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

*ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.*

1.—Constitúe o feito imponible a prestación de servizos ou a realización das actividades propias da competencia municipal, tanto na súa vertente técnica como na administrativa, tendente a verificar ou comprobar se os establecementos industriais, comerciais e mercantís, e demais establecementos, reúnen as debidas condicións de tranquilidade, sanidade, seguridade e salubridade, así como calquera outras esixidas polas correspondentes Leis, Ordenanzas e Regulamentos municipais ou doutros Entes públicos que sexan de aplicación para o seu normal funcionamento, como presuposto previo e necesario para o outorgamento da licenza de apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1.955, e demais lexislación de desenvolvemento.

2.—Tamén constituirá feito imponible, a prestación de servizos ou realización de actividades propias da competencia municipal tendentes á autorización de calquera modificación no suxeito, obxecto ou contido das licenzas de apertura de establecementos xa existentes.

3.—Para tal efecto, terá a consideración de apertura:

A instalación por primeira vez do establecemento para dar comezo ás súas actividades.

A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.

A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número un deste artigo, esixindo nova verificación destas.

A variación de titular do establecemento aínda que non varíe o tipo de actividade e as condicións nas que se desenvolve.

4.—Entenderase por establecemento industrial, comercial, mercantil e de servizos toda edificación utilizable, estea ou non aberta ao público que non se destine exclusivamente a vivenda e que, ademais reúna algún dos seguintes requisitos.

Que se dedique ao exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril, artesanal, da construción, comercial e de servizos.

Que aínda sen desenvolverse aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para estas, ou teñan relación con elas de forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento considerándose como tales a título enunciativo: sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de actividades xurídicas, escritorios, oficinas, estudos e outros análogos.

*ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO.*

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades fixadas polo artigo 35.4 da LGT que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado